



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Antón García Fernández
Cándido Pérez Betanzos
Rodrigo Alberte Pivida
Luis Pérez Gómez (**DS**)*

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Carmen Serra Rodríguez
Manuel Velasco Graña
Aser Fernández Rey

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola
Juan José Fernández Pérez
José Andrés Zapirain (**DS**)

AUSENTES C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
(xustificada)
Carlos Mollinedo Lois
(xustificada)

ASISTENTES CC.EE.

Concepción García Lozano

***DS**- Delegado Sindical

Reunidos no 4º andar do Edificio de Ferro do Campus de Ourense o día 16 de outubro de 2003, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Proposta de acordo para a execución da RPT dos servizos informáticos.
5. Contratación temporal. Listas de agarda.
6. Retribucións: produtividade, complementos e Mesa de Retribucións.
7. Convocatorias procesos selectivos.
8. Licencias retribuídas.
9. Rogos e preguntas

Ó enviar con antelación a acta da sesión anterior a tódolos/as presentes non se lle da lectura, non obstante, pídese unha aclaración sobre o punto catro (informe sobre a selección de persoal na OFOE), unha vez feita, apróbase por unanimidade.

Antes de pasar ó informe o presidente comunica as delegacións de votos existentes para a presente reunión que neste caso son as debidamente enviadas por Carlos Mollinedo e Federico Fernández, documentos que quedarán axuntados a esta acta. A continuación da conta dos seguintes asuntos:

- Contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
- Envío de copias dos contratos de traballo realizados no Campus de Ourense.
- Da execución dos acordos tomadas polo pleno nas reunións de 23 de setembro e 2 de outubro.
 - Reclamación previa contra a Resolución Xerencial de 23 de setembro de 2003 pola que se establece o réxime de traballo do persoal auxiliar de instalacións deportivas. Escrito 6/10/03
 - Da Comunicación do representante do PAS-L no intercambio de vacacións.
 - Do escrito no que se pedían datos sobre o transporte de persoal ó Campus de Marcosende e da resposta do xerente .
 - Do escrito sobre os problemas medioambientais na Biblioteca de Torrecedeira e da resposta do Servizo de Prevención.
 - Do escrito instando a que se cubran os postos de responsabilidade definidos no Anexo VI do I Convenio Colectivo. (Da conta tamén de que o xerente lle manifestou verbalmente que eses postos non se van cubrir namentres



- non se definan as incompatibilidades entre os complementos)
 - Da petición de información relativa as categorías declaradas a extinguir e da petición, así mesmo, de que se inicien os procesos pendentes de transformación.
 - Do escrito de apoio á representante do CI na Comisión de Selección de 3 postos de traballo para a OFOE.
-
- Comunica que a próxima reunión co xerente será o vindeiro mércores 22 de outubro as 9: 30 horas no edificio da rúa Oporto.
 - Da conta do que se tratou na reunión que mantivo a representación do CI e o xerente o pasado 3 de outubro de 2003.
 - Resolución Xerencial de 23/09/03 sobre réxime de xornada e aplicación do complemento de dispoñibilidade. Comunicóuselle ó xerente que estaba a facer unha interpretación interesada do I Convenio, asemade, se lle informou de que o CI presentaría unha reclamación previa.
 - Da aplicación ó persoal laboral dos beneficios económicos do acordo MAP-sindicatos.
 - Do complemento de perigosidade: relación de solicitudes presentadas e procedemento para a súa aplicación.
 - Complemento de perigosidade solicitado por Manuel E. Gallardo Ortega o 28 de outubro de 2002. O traballador solicita información sobre a xestión de dito complemento.
 - Chamada telefónica do xerente para comunicarlle a cobertura temporal de dous postos de traballo de grupo II na Área de Calidade.
 - Ampliación do horario das instalacións deportivas e da comunicación do servizo.
 - Convocatoria para contratar persoal para a Área de Calidade. RR 8/10/03.
 - Resolución Rectoral sobre a nova sede do rexistro da universidade.
 - Escrito de Carmen Serra sobre o transporte do persoal.
 - Proposta de Federico Fernández sobre a normativa das convocatorias de oposicións.
 - Escrito de Carlos Mollinedo sobre a actividade dos bolseiros nun laboratorio da Facultade de Ciencias Sociais.
 - Contratación dun auxiliar técnico de servizos xerais e das incidencias que produciu, ó non actuar RRHH de acordo co estipulado no I Convenio Colectivo
 - Da petición feita pola traballadora, Luisa Cebral, para que a acompañe á reunión que ten concertada co xerente para falar da súa petición de ampliación de xornada unha vez que lle foi concedido o cambio de categoría ó pasar de traballadora da limpeza, categoría na que tiña un contrato a tempo parcial (dúas horas), a auxiliar de servizos xerais

A relación de tódolos asuntos incorpórase coma anexo

3. Durante o período reuníronse dúas Comisións, a de Acción Social e a de Emprego e Contratación. Con respecto a esta última demórase o informe ata que tratemos o punto cinco. No que se refire á de Acción



Social, Victoria comenta que foi breve e que se convocou para falar das solicitudes de anticipos reintegrables. Nela informouse de que o PDI non solicitou ningún anticipo e, dos solicitados polo PAS, algún queda pendente de aprobarse, nos próximos meses, por falta de fondos.

4. Pola complexidade do tema a tratar no punto catro, acórdase constituír un grupo de traballo que terá a encomenda de presentar unha proposta de solución. Os compoñentes deste grupo de traballo serán: Arturo Casar, Juanjo Fernández, Luis Olivares, Cándido Pérez e Manuel Velasco. A reunión terá lugar o próximo xoves 23 de outubro ás 10:30 horas nos locais sindicais de Marcosende.
5. O presidente comeza falando da recente convocatoria con carácter temporal de dous diplomados/as para a Área de Calidade solicitando que neste caso, tamén se aplique o que di o I Convenio. Comenta que a intención é que o persoal seleccionado terá a misión de facer de ponte entre o persoal actual contratado a través do *Programa Labora* e o que virá na segunda fase. Propón preguntarlle á xerencia se estas contratacións se van facer con cargo ó capítulo I e presentar un recurso contra esta decisión. Recorda tamén que dita convocatoria prevé a participación na selección dun membro do CI e pregunta que decisión imos tomar ó respecto.
O delegado da UGT apoia tanto o recurso coma a participación do CI no proceso.
Manuel Velasco di que CC OO apoia tamén o recurso e recorda que as tres centrais sindicais representadas no CI levaban no seu programa a incorporación á RPT desta oficina. Recorda a importancia que lle da a LOU a calidade e os procesos de avaliación e defende a estratexia de entrar para controlar sindicalmente; está tamén a favor de enviar un representante á Comisión de Selección.
Rodrigo Alberte cuestiónase participar nun proceso co que estamos en contra.
Antón García di que estas contratacións engordan o capítulo I, e non estamos precisamente en época de vacas gordas, son postos de traballo indirectos en menoscabo dos directos. Amosa a súas dúbidas sobre a necesidade de facer esas contratacións, asemade, móstrase crítico co concepto de calidade e coa filosofía que trae detrás.
Tras estas intervencións acórdase presentar un recurso contra a Resolución Rectoral, facultándose ó presidente para poder interpoñela e noméase o representante do CI para esta selección, responsabilidade que recae en Arturo Casar ó presentarse voluntario.
O presidente, continuando coa selección temporal de persoal, informa da contratación dun auxiliar técnico de servizos xerais para a Facultade de Ciencias de Vigo e das incidencias que se deron ó contratar a empresa, nun primeiro momento, directamente da lista de agarda sen ter en conta as peticións de cambio de quenda e de localidade. Tras as intervencións de distintos membros do CI o Servicio de RR HH decatouse do erro e o subsanaron. Malia todo, acordouse facer un escrito para recordar as negativas repercusións que ten non actuar de acordo co pactado.
Por último, o pleno trata a comunicación de cese realizada a José Luis Conde Sampedro que desempeña o seu traballo no rexistro de Marcosende. A cláusula sétima do contrato di que o obxecto do mesmo é "o reforzamento e apoio da actividade do negociado de rexistros e



información do Campus de Lagoas-Marcosende durante o desempeño polo seu funcionario titular do cargo electivo no seo da Xunta de PAS funcionario" ó non cambiar a circunstancia que motivou ese contrato, todo parece indicar que estamos ante un despido improcedente.

6. Neste punto, o presidente da conta do realizado polo grupo de traballo de retribucións e explica pormenores sobre o material que se achegou, sobre este tema, coa convocatoria. Asemade, recorda que o luns 20 de outubro, ás 10:00 hai unha nova reunión á que están invitados tódolos/as delegados/as.
7. Con respecto á convocatoria dos procesos selectivos, o presidente recorda o escrito do que deu conta no informe. Non obstante, tras unha breve discusión no pleno sobre este asunto, acórdase, dado o atraso que levamos, insistir cun novo escrito solicitando a inmediata convocatoria de tódolos procesos pendentes.
8. En licencias retribuídas, Aser Fernández comenta o caso dunha traballadora que a primeira hora da mañá decatouse que a súa filla de dezanove meses púxose enferma con vómitos continuados, ante esta situación chamou o seu centro de traballo para comunicar que tiña que levar a nena ó centro de saúde, onde lle indicaron que era preciso que ese día permanecera na casa e vixiada. Ante esta situación a traballadora non acudiu esa mañá o seu posto. É importante subliñar que na biblioteca na que momentaneamente exerce as súas funcións dérase, recentemente, un caso de meninxite. Días despois a dirección da biblioteca comunícalle verbalmente que ten que consumir un día dos asuntos propios. Amparándose no que di o I Convenio colectivo a compañeira solicita que llo comuniquen por escrito. O 9 de outubro o director da BUV, Gerardo Marraud, infórmalle que ten dúas solucións, ou consumir un día de asuntos propios, ou computalo como un día de vacacións.
Tras analizar no pleno as circunstancias deste asunto conclúese que, aínda considerando que a empresa pode ter razón, non pon o mesmo celo para conseguir que todo o persoal cumpra efectivamente as mesmas normas.
9. En rogos e preguntas coméntase a resposta que recibiu a presidenta do Comité de Empresa de Ourense ó escrito enviado o xerente no que se lle solicitaba o horario de traballo da xornada de tarde noite da Biblioteca de Ourense. O secretario tamén da conta de que comunicou, no seu día, por correo electrónico os nomeamentos acordados na reunión conxunta dos Comités de Empresa, así mesmo informa que dita información foi enviada de novo e debidamente asinada ó xerente, xefe de persoal e xefe de recursos humanos.

E sen máis asuntos que tratar rematamos a sesión as 14:50 horas.

Acordos:

- Volver a tratar, nunha próxima reunión, a selección de persoal na OFOE e tódalas circunstancias que a rodean.



- Constituír un grupo de traballo para analizar a proposta feita pola xerencia para solucionar os problemas de RPT no servizo de informática e, en todo caso, elaborar unha proposta propia.
- Facultar ó presidente do CI para interpor un recurso contra a RR para a cobertura de dúas prazas de grupo II na área de calidade.
- Nomear a Arturo Casar como representante do CI na comisión de selección para cubrir dúas prazas de grupo II na área de calidade.
- Elaborar un novo escrito insistindo na necesidade de que se convoquen tódalas prazas pendentes da RPT do ano 2000.
- Presentar un escrito no que se sinalen os prexuízos causados por non resolver, de acordo as normas pactadas, a cobertura dunha praza de auxiliar técnico de servizos xerais na Facultade de Ciencias de Vigo.
- Pedir por escrito o servizo de prevención que fagan novas medicións das condicións ambientais da Biblioteca de Torrecedeira poñendo énfase en que estas se fagan nun día de actividade normal e en distintos momentos da xornada laboral.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)